

ACTUACIÓNS DIRIXIDAS Á PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN ANTE O ABSENTISMO ESCOLAR

▪ PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

1.-O primeiro paso a dar é tratar de falar coa familia a través do centro educativo (orientador/a, titor/a, director/a...), mediante a citación da familia a través de cartas con acuse de recibo para que quede constancia de tal citación.

2.- Si este recurso non funciona, ben porque os pais non acoden ao centro ou porque, áínda que acudiron fan caso omiso do que se lles explicou e da obligatoriedade de asistencia do/a rapaz/a ao centro, o paso seguinte é poñerse en contacto co/a educador/a familiar da oficina de Servizos Sociais de atención primaria que lles corresponda na zona. Esta comunicación debe facerse por escrito.

3.-O/a educador/a acode á casa do/a neno/a e na 1^a visita mantén unha entrevista coa familia e observa o modo de vida, estado vivenda, problemáticas familiares... Informa da ilegalidade da falta de asistencia dun/ha menor ao centro educativo e das consecuencias que se derivarán de continuar o absentismo.

4.- Chegado a un acordo cos pais, falamos co/a menor, ben na nosa oficina de Servizos Sociais ou no centro educativo. Escoitamos os motivos que xeren a falta de asistencia e, se se trata de problemas de índole académico,psicolóxico, de integración...

5.- Elaboraremos un programa de actuación en colaboración co centro que poremos en práctica coordinándonos durante o tempo que sexa necesario, observando os cambios que se producen.

6.- Se estes van na liña desexada, continuaremos ata lograr restablecer unha asistencia cotiá ao centro, debido a que xa non se dan os motivos que provocaban a non asistencia á clase.

7.-Se os motivos da falta de asistencia se deben a problemas familiares: falta de hábitos, de horarios, irresponsabilidade dos pais..., traballaríamos co/a menor coordinándonos non só co centro educativo, senón establecendo un programa de actuación e uns obxectivos a lograr coa familia. Isto soe ocorrer cando os/as menores que faltan á clase son máis pequenos/as (ensinanza primaria, sobre todo) áínda que se da en tódalas idades.

8.-Se a nosa actuación non é suficiente, daremos, desde Servizos Sociais, parte a Menores para que eles leven a cabo outras actuacións, como acollementos por outros familiares más responsables, centros de menores, no caso de que o problema sexa a familia...

9.-Por parte do centro educativo tamén se da parte a Educación, cando non conseguimos resolver o problema e dende alí o/a menor será entrevistado/a por un/ha profesional (psicólogo/a, pedagogo/a...) que ofrecerá outra posibilidade de actuación con ese/a menor (cambio de centro a outro que se axeite máis ao/á rapaz/a...)

- **ASESORAMENTO E ORIENTACIÓN PARA O RETORNO EDUCATIVO**

Dende o Concello de Foz estableceranse 2 puntos de atención continuada a alumnos/as e familias para informar e asesorar sobre a oferta educativa dos centros de ensino tanto do municipio coma da bisbarra: UNED, ciclos formativos, ensino para persoas adultas, cursos varios, programas de intercambios culturais, inmersión lingüística,...

As vías de retorno ao sistema educativo, as axudas ou bolsas ás que poidan acceder.

Ademais de toda a información que sexa demandada, como xa se vén facendo, sobre calquera tema relacionado co sistema educativo.

Estes puntos de atención continuada serán:

-Delegación de Educación: Casa do Concello en Avd/ Álvaro Cunqueiro,24

-Delegación de Xuventude: Casa dá Xuventude en R/ Julia Minguillón, 7.

Utilizarase ademais a páxina Web do Concello de Foz para informar da oferta educativa dos centros de ensino da Comarca da Mariña e os cursos formativos que se desenvolvan nesta.

Semanalmente informarase diso na emisora municipal Radio Foz dentro do programa "Aprendemos xuntos". Todas as novedades (cursos, bolsas, etc.) que xurdan serán comunicadas pola Delegación de Educación no programa diario de noticias da emisora.

A Delegación de Educación manterá unha comunicación constante cos centros educativos do municipio para poder informar aos/as alumnos/as e familias. Especialmente co IES e a UNED por ser os centros de maior e máis variada oferta. O Consello Escolar Municipal (de próxima creación) traballará conxuntamente na elaboración de programas para o retorno educativo.